



INSTRUCCIÓN 22/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE O PROCESO DE VACINACIÓN COVID-19 DE PERSOAS RESIDENTES DE CENTROS SOCIOSANITARIOS DE GALICIA E O SEU PERSOAL.

Sobre a base das Instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública darase comezo a vacinación COVID 19 en Galicia. A vacinación realizarase tamén de conformidade coas instrucións e recomendacións recibidas polo Ministerio de Sanidade trala súa aprobación polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. De acordo co previsto nas reunións previas mantidas, cómpre organizar o inicio da vacinación, que se iniciará en primeiro lugar nas residencias sociosanitarias. Esta vacinación terá a complexidade asociada ao desprazamento a residencias e ás condicións de temperatura e preparación previa á vacinación, o que leva a ser especialmente coidadosos na organización, extremando o coidado na planificación e nas medidas de seguridade.

As áreas sanitarias organizarán o persoal de acordo con estas instrucións, e para iso disporán da información necesaria para organizar a vacinación das persoas residentes e o seu persoal, a cal será facilitada pola Dirección Xeral de Saúde Pública tras recibir a información da Consellería de Política Social. Esa dirección xeral será o centro directivo que coordine todo o proceso co órgano competente na Consellería de Política Social.

Débese ter en conta que a vacina que inicialmente se administra será de dúas doses, administradas nos tempos que se determinen polas instrucións da devandita Dirección Xeral de Saúde Pública.

O ámbito asistencial responsable da vacinación será a Atención Primaria, e as categorías implicadas na vacinación serán maioritariamente persoal de enfermaría dos centros de saúde referentes das residencias sociosanitarias a vacinar.



Con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e coa finalidade de planificar e determinar os recursos humanos necesarios, e de establecer criterios comúns de actuación nesta materia dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto e ámbito

As presentes instrucións teñen por obxecto planificar e determinar os criterios para a designación dos recursos humanos das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde necesarios para levar a cabo á vacinación COVID 19 nos centros sociosanitarios de Galicia e establecer criterios comúns de actuación nesta materia.

Segunda: Normas xerais

As xerencias de cada área planificarán e determinarán os equipos de vacinación, que se desprazará aos centros sociosanitarios, de acordo cos seguintes parámetros:

1.- Planificación do persoal.

a) Designaranse equipos específicos de enfermería para a administración da vacina COVID 19. Cada equipo estará formado por 2 enfermeiras/os de atención primaria.

b) A planificación que se realice para determinar o persoal necesario atenderá basicamente ao número de persoas a vacinar e as axendas de vacinación previstas.





No referido ao número de persoas a vacinar, terase en conta tanto o total de número de persoas residentes nos centros sociosanitarios da área/distrito como o persoal que traballa nelas, de acordo cos datos que se facilitarán pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

No que respecta ás axendas tomarase como referencia de cálculo 45 ocos de axenda por cada enfermeira/o e quenda. En función do número de persoas a vacinar, a localidade e o tempo no que haberá que vacinar, poderán establecerse equipos en quendas de mañá ou equipos de tarde ou ben equipos con horarios especiais que combinen ambas.

Para a planificación terase en conta tamén que as persoas a vacinar terán que estar na súa totalidade vacinadas da primeira dose en 10 días desde o inicio deste proceso de vacinación, tendo en conta que a segunda dose da vacina será aos 21 días.

c) Recollerase por escrito nun plan funcional asinado pola xerencia de cada área sanitaria, con información previa a súa aplicación a cada Xunta de Persoal ou Comisión de centro.

2.- Designación do persoal.

As/os enfermeiras/as serán expertas/os en vacinación (pode servir como referencia unha cualificación acreditada na vacinación cunha experiencia mínima de dous anos). A estes efectos enténdense incluídos/as os/a enfermeiros/as especialistas en enfermaría familiar e comunitaria.

A designación recaerá entre o persoal do ámbito das competencias dos servizos de Atención Primaria que sexan referentes da/s residencia/as a vacinar por mor da localidade e cotas, coas correccións que sexan necesarias en función da correspondencia entre o volume de pacientes e o persoal de ditos ámbitos de



referencia, baixo a dirección da Atención Primaria de cada área. As necesidades de cobertura deste persoal de primaria destinado en exclusiva á vacinación poderán proveerse con persoal contratado baixo a modalidade de emerxencia sanitaria.

Cando se considere necesario polas características dos centros, poderanse engadir como apoio ao persoal técnico en coidados auxiliares de enfermería que sexa necesario.

3.- Outras normas.

- O persoal designado como membro do equipo de vacinación deberá ter informe de apto emitido pola UPRL.
- O persoal que se designe deberá impulsar a maior confianza na poboación, polo que deberá comprometerse coa vacinación propia (agás causas debidamente xustificadas).
- Formación: O persoal específico deberá estar previamente formado para a vacinación de COVID 19 mediante a superación dun curso específico organizado pola ACIS .
- Axenda: Ao equipo específico designado facilitaráselle unha axenda de citación previa con todas as persoas ás que se vai vacinar por residencia, cunha cadencia que evite as aglomeracións, e contemplando pausas de descanso en función do número de citas.
- Xornada: A xornada laboral poderá distribuírse en quendas ou en horarios especiais previa planificación no calendario de traballo, tendo en conta que deben aproveitarse o máximo posible os desprazamentos.
- Desprazamentos de persoal: O persoal desprazarase aos centros mediante o servizo de taxi contratado por cada área.

Instrución 22/20



- As vacinas distribuiranse nos puntos de vacinación baixo a dirección da Dirección Xeral de Saúde Pública, previa planificación.
- O persoal dos equipos terá unha persoa como mando superior de referencia determinado pola dirección da área correspondente, con quen poderá contactar de maneira áxil para resolver as incidencias derivadas da planificación.
- Polas especiais condicións de prestación de servizos en residencias sociosanitarias, que implican desprazamento e actividade asistencial fóra do seu centro de traballo habitual, así como tamén pola dispoñibilidade horaria que pode supoñer o aproveitamento dos desprazamentos, o persoal de enfermería percibirá un complemento de produtividade derivado do *“Programa especial de vacinación COVID 19 en centros sociosanitarios”*.

Terceira. Salas e medios de traballo

A dirección da área velará para que en cada centro residencial se habilite unha sala diferenciada para a administración da vacina, e preferiblemente, se as condicións do centro así o permiten, nunha área o máis próxima posible á porta de entrada do centro. Esa sala contará con sistemas que garantan a ventilación adecuada (ventilación natural ou mecánica).

Deberase dispoñer de dispensadores con solución hidroalcoólica ao alcance dos/as residentes e persoal do centro sociosanitario así como do persoal do Servizo Galego de Saúde que administra a vacina. Tamén se disporá nesa sala de contedores de residuos, a ser posible con tapa de apertura con pedal.

No caso de residentes inmobilizados, o persoal desprazarase ata a habitación para a vacinación.

Instrucción 22/20



Cuarta. Vacinación

A vacinación de COVID 19 será realizada polo equipo específico de acordo coa formación recibida e os protocolos establecidos pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

Antes de entrar na zona de vacinación realizará hixiene de mans.

As persoas a vacinar deberán levar roupa que lle permita descubrir fácilmente a zona de punción. Deberán usar máscara cirúrxica, a cal deberá cubrirlle a boca e nariz, salvo cando se trate de persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara, ou que pola súa situación de discapacidade ou dependencia non dispoñan de autonomía para quitar a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización (Resolución do 17 de xullo de 2020, *DOG* do 18 de xullo).

O persoal que administre a vacina extremará a auto observación de aparición de síntomas respiratorios ou compatibles coa enfermidade COVID. Isto é especialmente importante pola vulnerabilidade da maior parte da poboación obxecto da vacinación nas residencias/centros de maiores. Tamén se extremará a vixilancia sobre o estado de saúde das persoas atendidas. No caso de que unha persoa presente calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, falta de gusto ou olfacto de forma repentina, etc.) que puidese estar asociada coa infección por coronavirus, non deberá acudir á súa cita e avisarase ao persoal que administra a vacina para anular a cita reservada. De detectarse no momento da vacinación, será remitido ao seu médico/a de familia de atención primaria.

Quinta. Medidas de protección e EPI

O/A profesional que administre a vacina usará o uniforme e os seguintes equipos de protección, que serán subministrados pola súa xerencia de área: bata (de tecido



sen tecer desbotable), máscara tipo FFP2*, luvas e pantalla facial no caso de preverse salpicaduras.

* A protección respiratoria recomendada é a tipo FFP2 ao considerar que, dadas as características e vulnerabilidade da poboación a vacinar, pode supoñer que non usen a máscara cirúrxica durante todo o encontro ou parte del.

O número de equipos subministrados por xornada de traballo será adecuado ao número de residencias/centros de maiores a visitar. A bata e a máscara desbotaranse unha vez finalice a vacinación nun centro así como a protección ocular no caso de ser desbotable. Se a protección ocular é reutilizable, introducirase en dobre bolsa de plástico para a súa posterior limpeza e desinfección no centro de saúde.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias

XERENCIAS DAS ÁREAS SANITARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

